



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

1) Anulada

2) Anulada

3) Anulada

4) Os complementos salariais son:

- a) **O plus de perigosidade e o plus de nocturnidade.**
- b) A paga extraordinaria.
- c) As dietas.
- d) As indemnizacións.

5) Segundo o artigo 144 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a obrigación de cotizar:

- a) Nacerá co inicio da prestación do traballo, excluído o período de proba.
- b) Suspenderase na situación de incapacidade temporal.
- c) Continuará durante as situacións de folga e peche patronal.
- d) **Todas son falsas.**

6) A inscrición das empresas na Seguridade Social:

- a) É única no Sistema da Seguridade Social, pero renóvase cada 10 anos.
- b) É única, sen necesidade de que se renove cada 10 anos, pero non é válida en todo o territorio nacional.
- c) É só obrigatoria a partir de que teñan dous traballadores por conta allea.
- d) **É única e válida para todo o territorio nacional.**



7) Segundo o artigo 1, do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas ós servizos públicos de emprego, e o uso de medios telemáticos en relación con aquela. («BOE» 43, do 19-2-2003.), os empresarios están obrigados a comunicarlles ós servizos públicos de emprego o contido dos contratos de traballo que celebren ou as súas prórrogas, deban ou non formalizarse por escrito, no prazo dos...:

- a) **dez días hábiles seguintes á súa concertación.**
- b) tres días hábiles seguintes á súa concertación.
- c) cinco días hábiles seguintes á súa concertación.
- d) dous días hábiles seguintes á súa concertación.

8) Segundo o artigo 1, do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas ós servizos públicos de emprego, e o uso de medios telemáticos en relación con aquela. («BOE» 43, do 19-2-2003.), "Os empresarios deberanlles enviar ou remitir ós servizos públicos de emprego a copia básica dos contratos de traballo...:

- a) e despois entregarlle á representación legal dos traballadores, se a houber.
- b) previamente entregada á representación legal dos traballadores, se así o acordaron na Mesa de diálogo.
- c) **previamente entregada á representación legal dos traballadores, se a houber.**
- d) e unha vez feito, a representación legal dos traballadores poderá requirir unha copia ao empresario no prazo dun mes.



9) No Réxime Xeral, as altas na Seguridade Social:

- a) Pódense practicar cunha antelación de ata 65 días.
- b) Pódense practicar posteriormente ao comezo dos traballos.
- c) Pódense practicar cunha antelación de ata 60 días.**
- d) Son posteriores unicamente nas tres primeiras altas do ano en curso.

10) A base de cotización por continxencias profesionais:

- a) É a mesma que a base de cotización para continxencias comúns, se non se cobran horas extraordinarias.**
- b) É a mesma que a base de cotización para continxencias comúns, sempre.
- c) É a mesma que a base de cotización para desemprego, se ben é distinta que a base de cotización para FOGASA.
- d) Está formada polas retribucións en metálico, e non se teñen en conta as retribucións en especie

11) No Réxime Xeral da Seguridade Social:

- a) Son suxeitos obrigados a cotizar os empresarios, non os traballadores
- b) Son suxeitos responsables de cotizar os traballadores.
- c) Son suxeitos responsables de cotizar os traballadores no Sistema de Empregados/as do fogar sempre calquera que sexa o número de horas traballadas á semana.
- d) Son suxeitos obrigados a cotizar os empresarios e os traballadores, pero é o empresario o que debe ingresar as achegas propias e as dos seus traballadores, con carácter xeral.**



12) O empresario cotiza ao seu exclusivo cargo:

- a) Polas continxencias profesionais e polo Fondo de Garantía Salarial dos seus empregados.**
- b) Polas continxencias profesionais, a formación profesional e polo Fondo de Garantía Salarial dos seus empregados.
- c) Polas continxencias profesionais, polo Fondo de Garantía Salarial, así como polas horas extraordinarias dos seus empregados.
- d) Polas continxencias comúns e a formación profesional dos seus empregados.

13) As bases de cotización máximas e mínimas fixadas cada ano por grupos de cotización:

- a) Son unha mera referencia, e non se terán en conta no cálculo da base de cotización.
- b) Só se aplican no Sistema especial de empregados do fogar.
- c) Non se aplican nas cotas obreiras, si nas dos empresarios.
- d) Todas as respostas son incorrectas.**

14) Considéranse situacións asimiladas á alta para os efectos da prestación de Incapacidade Temporal:

- a) O período correspondente a vacacións anuais retribuídas que non fosen gozadas con anterioridade á finalización do contrato.**
- b) O período de residencia no estranxeiro por estudos.
- c) A xubilación de clases pasivas.
- d) Ter entre 18 e 21 anos.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

15) A duración máxima da baixa médica por Incapacidade Temporal será:

- a) De 365 días.
- b) De 545 días.**
- c) De 180 días se non existe prórroga expresa polo INSS.
- d) De 760 días.

16) Anulada

17) A incapacidade permanente absoluta:

- a) É aquela que inhabilita ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da súa profesión sempre que poida dedicarse a outra distinta.
- b) Consiste nunha indemnización a tanto alzado, e a súa contía é igual a 24 mensualidades da base reguladora que serviu para o cálculo da prestación.
- c) É aquela que inhabilita por completo ao traballador para toda profesión ou oficio.**
- d) Ningunha resposta é correcta.

18) DELT@ é o acrónimo de:

- a) Declaración Electrónica de Traballadores Activos.
- b) Declaración de Emerxencias de Accidentes.
- c) Declaración Electrónica de Traballadores Accidentados.**
- d) Declaración de Empresarios e Traballadores Accidentados.



19) Segundo o artigo 3º da Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro, pola que se establecen novos modelos para a notificación dos accidentes de traballo e posibilitase a súa transmisión por procedemento electrónico, os novos modelos para a notificación dos accidentes de traballo son:

- a) "Apertura do centro de traballo"; "Relación de accidentes de traballo ocorridos sen baixa médica" e "Relación de altas ou falecementos de accidentados".
- b) "Total de accidentes de traballo"; "Total media de traballadores" e "Relación de altas na empresa".
- c) "Parte de accidente de traballo"; "Relación de ausencias ocorridas" e "Relación de baixas médicas".
- d) "Parte de accidente de traballo"; "Relación de accidentes de traballo ocorridos sen baixa médica" e "Relación de altas ou falecementos de accidentados".**

20) Segundo a Resolución do 26 de novembro de 2002, da Subsecretaría, pola que se regula a utilización do Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo (Delt@) que posibilita a transmisión por procedemento electrónico dos novos modelos para a notificación de accidentes de traballo, aprobados pola Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro "As empresas, entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social, e Administracións Públicas competentes, poderán estar representadas por...":

- a) persoas físicas ou persoas xurídicas autorizadas e acreditadas.
- b) persoas xurídicas autorizadas e acreditadas.
- c) calquera traballador da empresa.
- d) persoas físicas autorizadas e acreditadas.**



21) Segundo o artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) O traballador está obrigado a observar no seu traballo as medidas legais e regulamentarias de seguridade e saúde no traballo.
- b) O empresario está obrigado a garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, coma cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.
- c) O traballador, na prestación dos seus servizos, terá dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- d) Todas son certas.**

22) Segundo o artigo 20 bis do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) Os traballadores teñen dereito á intimidade no uso dos dispositivos dixitais postos á súa disposición polo empregador. A desconexión dixital será previamente pactada entre o traballador e o empresario.
- b) Os traballadores teñen dereito á intimidade no uso dos dispositivos dixitais postos á súa disposición polo empregador, á desconexión dixital e á intimidade fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.**
- c) Os traballadores non terán dereito á intimidade no uso dos dispositivos dixitais sempre que o empregador os poña á súa disposición para o desempeño das súas tarefas.



- d) Os traballadores deberán desconectar do uso dos dispositivos en xornadas alternas establecidas polo convenio sectorial.

23) Indica cal é a resposta incorrecta: Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: "En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) As persoas físicas en tódolos casos.**
- d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

24) Segundo o artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: "Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinálense por días, enténdese que:

- a) Estes son inhábiles.
- b) Estes son hábiles, excluíndose do cómputo os festivos.
- c) Estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.**
- d) Mantense ata o día no que se resolve por a Tesourería Xeral.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

25) Segundo o artigo 30.5 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "Cando o último día do prazo sexa inhábil:

- a) Entenderase hábil.
- b) Entenderase inhábil.
- c) Entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.**
- d) Non computará.

26) Segundo o artigo 31.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: "O funcionamento do rexistro electrónico rexerá polas seguintes regras:

- a) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas.**
- b) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano, excluindo sábado, domingos e festivos.
- c) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano de 8 a 15 horas.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

27) Segundo o previsto no artigo 3.1.a) da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: "Para os efectos desta lei, o sector público autonómico, ademais de por a propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

- a) Cidadáns.
- b) Persoas privadas dos diversos sectores económicos.



c) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Asociacións privadas sen ánimo de lucro.

28) Segundo o disposto no artigo 3.2, parágrafo primeiro da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: As entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico suxeitarán a súa actividade:

a) Ao dereito civil.

b) Ao dereito privado.

c) Ao dereito mercantil.

d) Ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas e en calquera outra circunstancia agás que, neste último caso, de acordo con as leis xerais ou sectoriais aplicables ou coas súas específicas normas reguladoras, poidan ou deban someterse ao dereito privado.

29) O artigo 45.b) da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ao regular o ámbito subxectivo, indica que as previsións relativas ao réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico aplicaranse ás seguintes entidades autonómicas:

a) Persoas particulares que presenten unha denuncia.

b) Sociedades mercantís públicas autonómicas e Fundacións do sector público autonómico.

c) Asociacións privadas sen ánimo de lucro.



- d) Organizacións internacionais de interese galego.

30) Segundo o disposto no artigo 2.2 dos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga): "As actuacións comprendidas no seu obxecto social poderán ser realizadas pola empresa pública...

- a) De forma exemplar.
- b) De forma singular.
- c) **Xa directamente, xa indirectamente, mesmo mediante titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo.**
- d) De forma solidaria.

31) Segundo o disposto no artigo 12 dos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga): "O Goberno e administración da empresa pública compételles":

- a) Á cidadanía.
- b) **Á Xunta Xeral de Accionistas e ao Consello de Administración, de conformidade coas facultades que a unha e outro lles son asignadas nestes estatutos e na lei.**
- c) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- d) Á Valedora do Pobo.

32) Segundo o artigo 28 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural os distritos forestais, integrados na estrutura territorial da Consellería a través das respectivas xefaturas territoriais, dependerán:

- a) **Organicamente da xefa ou xefe territorial e funcionalmente das Direccións Xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

- b) Da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda.
- c) Da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- d) Da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

33) Segundo o artigo 28 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural os distritos forestais exercerán, no ámbito territorial do distrito forestal, as funcións en materia de:

- a) Conservación da natureza.
- b) Xestión de montes e de prevención, defensa e extinción de incendios forestais, en desenvolvemento das competencias da Consellería do Medio Rural nestas materias, sen prexuízo da posible colaboración cos centros directivos e entidades instrumentais da Consellería.**
- c) Caza e pesca fluvial.
- d) Todas as anteriores son correctas.

34) Segundo o artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- a) O contrato de traballo presúmese concertado por tempo indefinido.**
- b) O contrato de traballo presúmese concertado por tempo concreto.
- c) O contrato de traballo presúmese de subministro.
- d) O contrato de traballo presúmese por obra.

35) De conformidade co disposto no artigo 37.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores: Nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas traballadoras terán dereito a:



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

- a) 30 minutos para o coidado do lactante ata que este cumpra nove meses.
- b) 30 minutos para o coidado do lactante, que poderán dividir en dúas fraccións,
- c) Unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións, para o coidado do lactante ata que este cumpra 4 meses.
- d) Unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións, para o coidado do lactante ata que este cumpra nove meses.**

36) O artigo 48.7 do *Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores* prevé que no suposto de risco durante o embarazo ou de risco durante a lactación natural, a suspensión do contrato finalizará:

- a) O día en que se inicie a suspensión do contrato por parto.
- b) O lactante cumpra nove meses.
- c) Cando desapareza a imposibilidade da traballadora de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro compatible co seu estado.
- d) Todas as respostas son correctas.**

37) Indica que resposta é incorrecta: O artigo 48 bis do *Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores* prevé que o seguinte respecto do permiso parental, para o coidado de fillo, filla ou menor acollido:

- a) As persoas traballadoras terán dereito a un permiso parental, para o coidado de fillo, filla ou menor acollido por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos.
- b) O permiso, que terá unha duración non superior a oito semanas, continuas ou descontinuas.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

- c) O permiso poderá gozarse a tempo completo, ou en réxime de xornada a tempo parcial conforme ao establecido regulamentariamente.
- d) Este permiso constitúe un dereito transferible das persoas traballadoras.**

38) Segundo o artigo 1.1 do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas aos Servizos Públicos de Emprego, e o uso de medios telemáticos en relación con aquela, "Os empresarios están obrigados a comunicar aos Servizos Públicos de Emprego, o contido dos contratos de traballo que celebren ou as prórrogas dos mesmos, deban ou non formalizarse por escrito:

- a) No prazo dun mes desde a súa concertación.
- b) No prazo dos sesenta días hábiles seguintes á súa concertación..
- c) No prazo dos dez días hábiles seguintes á súa concertación.**
- d) Sen estar suxeitos a prazo ningún.

39) Breixo:

- a) É o Sistema corporativo de información contable e de tesouraría da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas Instrumentais e da Administración institucional
- b) É o Sistema de Licitación Electrónica da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas Instrumentais e da Administración institucional.
- c) É o sistema corporativo de información de nómina e recursos humanos da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas Instrumentais e da Administración institucional.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

- d) É o sistema de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas Instrumentais e da Administración institucional.

40) Segundo o Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o "importe dos fluxos de efectivo a recibir ou pagar no curso normal do negocio, segundo se trate dun activo ou dun pasivo, respectivamente, actualizados a un tipo de desconto adecuado" é a definición do:

- a) Valor neto realizable.
- b) Valor actual.**
- c) Valor en uso.
- d) Valor razoable.

41) Se o activo dunha empresa é igual ao neto:

- a) A empresa atópase nunha situación grave de inestabilidade.
- b) A empresa investiu todo o diñeiro no negocio.
- c) Estamos ante a máxima estabilidade financeira.**
- d) A empresa está en quebra.

42) Podemos afirmar das contas anuais que:

- a) Son obrigatorias e deben elaborarse nun período máximo de 3 meses desde o peche do exercicio.**
- b) Está formada polo balance e o Estado de Fluxos de Efectivo.
- c) Son obrigatorias exclusivamente para as empresas de interese social.
- d) Son obrigatorias e deben elaborarse no primeiro mes do ano.



43) Segundo o artigo 5 da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*, os responsables e encargados do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan en calquera fase deste, estarán suxeitos ao deber de:

- a) Discreción.
- b) Confidencialidade.**
- c) Sixilo.
- d) Público.

44) Segundo o artigo 7 da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*, sobre o consentimento dos menores de idade:

- a) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.**
- b) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de dezaseis anos.
- c) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de dezoito anos.
- d) Non se precisa consentimento.

45) Segundo o artigo 9 da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*, non é un categoría especial de datos:

- a) A ideoloxía.
- b) A afiliación sindical.
- c) A relixión.



d) Todas as respostas anteriores son correctas.

46) En Microsoft Word, que opción debemos escoller para inserir unha cabeceira ou pé de páxina?

- a) Configurar "Cabeceira e pé de páxina" na pestana "Deseño".
- b) Grupo "Cabeceira e pé de páxina" da pestana "Inserir".**
- c) Ningunha é correcta.
- d) Grupo "Cabeceira e pé de páxina" da pestana "Visualización".

47) Indica a resposta incorrecta: En Microsoft Word, o menú de tipo de letra permítenos:

- a) Modificar a cor do texto.
- b) Modificar a fonte.
- c) Modificar a xustificación.**
- d) Modificar o tamaño da letra.

48) En Microsoft Word, en que se diferencian as "Viñetas" das "Listas numeradas"? Indica a resposta correcta:

- a) As viñetas aplican o mesmo deseño a cada un dos elementos e as listas numeradas usan distintos números ou letras para cada elemento.**
- b) Non podemos modificar o deseño das viñetas e nas listas numeradas si.
- c) As listas numeradas aplican o mesmo deseño a cada un dos elementos e viñetas usan distintos números ou letras para cada elemento.
- d) Non hai diferencias.



49) En Microsoft Word, podemos pasar un documento de Word a PDF?:

- a) Si dende a opción Ficheiro, seleccionamos Imprimir, e escollemos unha impresora PDF que teñamos instalada previamente.
- b) Si dende a opción Ficheiro, seleccionamos Crear documento PDF/XPS.
- c) Si, dende a opción Ficheiro, seleccionamos Gardar como e escollemos como tipo de documento "PDF".
- d) **Todas son correctas.**

50) En Microsoft Word, podemos mostrar ou ocultar a regra:

- a) **Dende as opcións Mostrar da pestana Visualización.**
- b) Dende as opcións Mostrar da pestana Revisar.
- c) Dende as opcións Mostrar da pestana Deseño.
- d) Dende as Opcións Zoom da pestana Ver.

51) En Microsoft Excel , un libro é:

- a) **Un agrupamento de follas de traballo.**
- b) Unha colección de documentos.
- c) O manual de funcionalidades da ferramenta.
- d) Un arquivo almacenado nun dispositivo de almacenamento.

52) En Microsoft Excel, ao ter varias xanelas para o mesmo libro:

- a) Deberemos de facer os cambios na vista principal para que se reflectan nas demais.
- b) Unha será a vista principal e as demais, secundarias.
- c) **Permítenos ter varias vistas sobre os mesmos datos.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

d) Temos que ter coidado xa que os cambios nunha vista non quedan reflectido nas demais.

53) En Microsoft Excel, as filas e columnas etiquétanse con:

- a) Letras consecutivas do abecedario e numeración ascendente, respectivamente.
- b) Letras ou números segundo o patrón determinado pola primeira cela da folla.
- c) Letras ou números, indiferentemente.
- d) Numeración ascendente e letras consecutivas do abecedario, respectivamente.**

54) En Microsoft Excel, infórmanos cal é a cela activa en cada momento mediante:

- a) Un fondo gris claro na cela.
- b) A dirección da cela que aparece na barra de fórmulas.**
- c) Un bordo vermello na cela.
- d) A dirección da cela que aparece sempre sobre a cela activa.

55) En Microsoft Excel, cal é o obxectivo do formato condicional?:

- a) Cambiar o formato dunha cela segundo o seu valor.**
- b) Sumar os valores dunha columna automaticamente.
- c) Crear un gráfico a partir dos datos dunha folla de cálculo.
- d) Protexer unha folla de cálculo para evitar cambios non autorizados.

56) Os estresores do ambiente físico de traballo son:

- a) Iluminación, zona de traballo, temperatura.
- b) Ruído, iluminación, zona de traballo.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

c) Ruído, zona de traballo, temperatura.

d) Ruído, iluminación, temperatura.

57) Os posibles riscos máis habituais asociados ao traballo de oficinas son:

- a) Riscos relacionados coa mobilidade restrinxida, coa carga mental e coa carga física.
- b) Riscos relacionados coa mobilidade restrinxida, co traballo sedentario e cos trastornos músculo-esqueléticos.
- c) Riscos relacionados coa carga física, coas condicións laborais e con aspectos psicosociais.
- d) Riscos relacionados coa carga física, coas condicións ambientais e con aspectos psicosociais.**

58) Anulada

59) Unha das características que debe cumprir unha cadeira para adoptar unha postura correcta é:

- a) Recoméndase a utilización de cadeiras dotadas de catro rodas.
- b) A altura do asento debe ser axustable ao rango necesario para a poboación de usuarios.**
- c) O respaldo debe ter unha suave prominencia para darlle apoio á zona lumbar. A súa altura debe ser fixa.
- d) A profundidade do asento debe ser regulable, de xeito que o bordo do asento lle prema a parte posterior das pernas.

60) Na manipulación manual de cargas deberase:

- a) Situar a carga a medio metro do corpo.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

- b) Situar a carga nas costas.
- c) Situar a carga cerca do corpo.**
- d) Situar a carga a un metro do corpo.



Preguntas de reserva (débense responder)

61) Segundo o disposto no artigo 15.2 do *Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores*, para este artigo, entenderase por circunstancias da produción:

- a) A forza superior.
- b) **O incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, sempre que non respondan os supostos incluídos no artigo 16.1.**
- c) O caso fortuíto.
- d) As circunstancias laborais.

62) Anulada

63) En Microsoft Excel, cando unha fila ou columna está oculta, o seu contido:

- a) **Non será visible na área de traballo.**
- b) Non será visible na área de traballo pero si na impresión do documento.
- c) Pérdese e non se pode volver a recuperar.
- d) É eliminado, e o contidos da fila ou columna seguinte desprázanse ocupando esa posición.

64) Antes de usar un aparello eléctrico:

- a) Deberemos levar un PVD.
- b) Deberemos comprobar que está enchufado.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Oficial 2ª administrativo
Posto: Advo./a. Servizo Laboral

Fase de oposición

c) Deberemos asegurarnos do seu bo estado.

d) Deberemos comprobar que está limpo.

65) Se o beneficiario ingresou na empresa no mesmo mes no que se inicia o descanso, tómasse como base reguladora:

a) A base de cotización dese mesmo mes, dividida polos días efectivamente cotizados.

b) A base de cotización do mes anterior, se estivo en alta noutra empresa.

c) A base de cotización dese mes sumándose o salario do Convenio Colectivo polos días en que iniciou a baixa e divídese por 30.

d) A base de cotización fixada polo Convenio no mes anterior dunha categoría profesional similar.